



centro
dramático
galego



30 anos

cdg
1984
2014


As laranxas máis laranxas de todas as laranxas

de Carlos Casares
Versión e dirección: José Caldas



Dossier de prensa

XUNTA DE GALICIA



As laranxas máis laranxas de todas as laranxas

de Carlos Casares

Versión e dirección: José Caldas

Centro Dramático Galego
Salón Teatro. Rúa Nova, 34
15705 Santiago de Compostela
Tel. 981 581 111
centro.dramatico.galego@xunta.es
www.centrodramatico.org

Comunicación. AGADIC
Cidade da Cultura de Galicia
Monte Gaiás, s/n
15707 Santiago de Compostela
Tel. 881 996 073 / 092
prensa.agadic@xunta.es
www.agadic.info



Índice

1. Presentación
 - 1.1. Á luz dun lume chamado avó
 - 1.2. Revisitando Casares e As laranxas
2. A produción
3. Ficha artística
4. Funcións
5. A obra
6. Sinopse
7. Carlos Casares, autor
8. José Caldas, director escénico
9. Bernardo Martínez, compositor e director musical
10. Elenco
11. Multimedia





Presentación

Á luz dun lume chamado avó

Digo eu que non habería de lle contrariar a Carlos Casares que esta fantasía teatral que el titulou *As laranxas máis laranxas de todas as laranxas* decidísemos nós denominala disparate dramático e nos atrevésemos a inscribir, coa mesma, unha nova entrada no dicionario de termos teatrais. Teño esa certeza porque el mesmo así o deixou considerado na entrevista que lle concedeu a Maribel Outeiriño, alá, en abril de mil novecentos setenta e tres. Afirmaba el que esta peza era “un disparate continuo de movemento e de fantasía”. Claro que a palabra *disparate* era un recurso que Carlos adoitaba usar cun aquel de querencia polisémica. E tanto é así que estou por apostar que cando o amigo limiao ría a cachón é que estaba a rir un disparate.

Porque se as cousas dan en adquirir unha dimensión desmesurada: “*ovos xigantes, laranxas enormes, cans que falan e que se ruborizan, señores que se poñen verdes de non comer ou que disparan unha escopeta e saen voando...*”, daquela, as cousas merecen esa condición de absurdo e de fantástico, de lúdico *nonsense* e de sonoro trasacordo, acaso tan antigo que se perda naquel río lendario de onde María Castaña bebía os contos que saciaron a sede da nosa infancia. Debía de ser, entón, esta, a acepción axeitada que lle aplicásemos aquí á voz *disparate*.

Os nenos, todos os nenos, entréganse con máis entusiasmo a inventar os seus recintos de realidade, dándolle voltas de parafuso ao real ata construír o seu propio espazo verosímil, que a aceptar un irreal alleo, un relato alleante e decote cargado de rancia moralina. Hai un xeito atroz de ser neno: non selo.

Carlos Casares, neno que foi por terras de Limia, en tempos de fame e de posguerra, non forneceu o seu imaxinario de fadas cursis e princesas ridículas, senón de historias heroicas e aventuras asombrosas, da man, da boca, do seu avó Herminio.

As páxinas da infancia, as únicas que se logran, finalmente, salvar do naufraxio da vida, impregnarán a vida e a literatura de Carlos Casares e, xa que logo, comparecerán tamén, en *As laranxas máis laranxas de todas as laranxas*, propoñéndolle á literatura infantil galega unha paisaxe fundacional afastada de tufos maniqueos.

Teño para min que, máis que buscar referencias intertextuais na historia da literatura dramática infantil e pescudar polo miúdo as súas influencias nesta obra, a fonte nutricia de *As laranxas* habería que situala á luz dun lume chamado avó ou nos altos solares de Beiro.


Contoulle Carlos Casares a Ramón Loureiro que aos quince anos tiña rematado catro ou cinco obras de teatro que chegaron a representarse. Mágoa que no Seminario Menor de Ourense, alá por Ervedelo, non quedase memoria do suceso! Pero o suceso fala, con meridiana elocuencia, dunha precoz vocación dramaturxica. Infelizmente, Carlos non frecuentaría este escenario na súa produción literaria, pero o que si nos consta é que sempre foi un home interesado pola travesía do teatro galego. E cando puido, decidiu comprometerse con el.

A pesar da discreción coa que Casares soubo conducirse na vida, moitos sabemos que o teatro galego ten contraída unha débeda impagable con quen foi presidente do Consello da Cultura Galega: a Escola Superior de Arte Dramática de Galicia ten nel unha das columnas principais da súa existencia.

O noso recoñecemento e a nosa admiración.

Manuel Guede Oliva, *director do CDG*





Revisitando Casares e As laranxas

Nesta recreación do texto de Carlos Casares e do espectáculo que fixemos hai 10 anos destaco a procura da poesía presentida nas entre liñas e nestas case personaxes. Digo case porque algunhas posúen unha tenue espesura, outras, apenas un esbozo de criaturas. Trátase agora de soprarlles un novo hálito a partir da materia enérxica deste novo elenco. Corpos plásticos e dispoñíbles, que fan tamén a través dos seus instrumentos musicais, unha banda en metamorfose constante.

Así o texto de Casares viste unha roupa musical que renova as súas palabras, as dinamiza e funciona como un intertexto expresivo cheo de suxestións. A sensibilidade e a sabedoría do noso director musical torna estas tonalidades expresivas nun soporte encantador que envolve o texto.

Unha revisitación tamén a esta paisaxe visual creada pola nosa escenógrafa na primeira versión e que agora é habitada por outros movementos e por outra relación coa abstracción que a escenografía ofrece. Espazo esencial para a festa, para os sentidos e dispoñíble para a exaltación do traballo dos actores. Decía un amigo que o meu traballo era teatro teatral. Digo que si, este acto único que reúne todas as expresións artísticas, mais nada de novo, apenas a memoria viva dos mestres desde a traxedia grega ao teatro popular de rúa do Brasil e Portugal. O profano e o sagrado en festiva unión de opostos. Teatro infantil? Para todos? Apenas teatro, momento de vivir outra realidade en sintonía co cotián e ao mesmo tempo unha transgresión aos seus códigos. Un desafío para sermos diversos: divertírnos.

Neste círculo máxico que fai homenaxe ao circo e á arena, ofrecémosvos a nosa ardua alegría, o noso traballo cheo de suor e de humanidade. Todos *clowns* a rirmos da nosa pequena e rica humanidade. Xenerosa oferta do que fomos, somos e seremos: creadores do momento efémero e exultante do teatro.

José Caldas, *director escénico*

A produción



Centro Dramático Galego

Unidade de produción teatral adscrita á Xunta de Galicia, o Centro Dramático Galego (CDG) comezou a súa traxectoria en 1984 co obxectivo de contribuír á normalización e regularización da actividade teatral galega. Desde entón, o CDG vén desenvolvendo un constante traballo de produción e distribución de espectáculos teatrais.

Foi en 1991 cando a compañía pública se presentou diante dos espectadores como centro artístico de produción do Instituto Galego das Artes Escénicas e Musicais (IGAEM). A súa adscrición a este organismo da Consellería de Cultura facilitou a consolidación do teatro institucional como un proxecto complementario e harmónico respecto do resto da escena galega. Desde xuño de 2008, o CDG forma parte da Axencia Galega das Industrias Culturais (Agadic), entidade enmarcada na estrutura da actual Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria.



Nestes 30 anos de historia, as principais liñas de programación do Centro seguiron varias direccións: recuperación dos nosos autores fundamentais, presenza dos dramaturgos galegos contemporáneos, incorporación á escena galega de grandes nomes da literatura dramática universal de todos os tempos, promoción do teatro infantil e proxección exterior do noso teatro, entre outras.

O sistema habitual de funcionamento da compañía é o concurso dun director de escena convidado xunto co elenco interpretativo e o equipo artístico que se contratan segundo as necesidades de cada unha das producións. Nelas tamén se involucra un equipo técnico da Agadic (talleres, son e iluminación, estrutura escénica, tremoias, vestiario etc.).

O CDG encárgase ademais da xestión do Salón Teatro de Santiago, único espazo de exhibición escénica de titularidade exclusiva da Xunta de Galicia. Nel a compañía pública desenvolve desde 1999 un amplo período de representacións con cada un dos seus novos espectáculos.



Ficha artística

Autoría
Versión e dirección

Carlos Casares
José Caldas

ELENCO (por orde alfabética)

Alba Blanco Taín
Alberte Cabarcos
Davide González Lorenzo
Ailén Kendelman
Fran Lareu
Laura Villaverde

Veciña Sabida
Elías
Veciño Gordo
Veciña Desdentada
Veciño da Escopeta
Anxa

EQUIPO ARTÍSTICO**Composición e dirección musical**

Bernardo Martínez

Escenografía, vestuario e ideación visual

Marta Silva

Iluminación

Juanjo Amado

Maquillaxe e perruquería

Dolores Centeno

Guía didáctica

Magdalena de Rojas, Cristina Novoa, Pilar Sampedro

Realización das ilustracións

Óscar Villán

Fotografía

Miguel Fernández

Produción

Fran Veiga

Asistente de dirección

Anabell Gago

Prensa

Ana Rosales, Ana Miragaya (Comunicación Agadic)

Gabinete de imaxe e comunicación

Trisquelia





Funcións

Xira

Outubro

OURENSE. Teatro Principal
Mércores 1 e xoves 2, ás 11.00 h. Funcións escolares

⚙ **ESTREA.** Venres 3, ás 20.30 h.

VILAGARCÍA DE AROUSA. Auditorio Municipal
Domingo 5, ás 18.00 h
Luns 6. Función escolar

NARÓN. Pazo da Cultura
Domingo 12, ás 19.00 h

PONTEVEDRA. Auditorio Centro Social Afundación
Venres 17, ás 10.00 e ás 12.00 h. Funcións escolares
Sábado 18, ás 18.00 h

Novembro

VIGO. Teatro Centro Cultural Afundación
Domingo 2, ás 18.00 h
Luns 3, ás 10.00 e ás 12.00 h. Funcións escolares

VIVEIRO. Teatro Pastor Díaz
Mércores 12 e xoves 13, ás 11.00 h. Funcións escolares

TUI. Teatro Municipal
Martes 18 e mércores 19, ás 11.00 h.
Funcións escolares

O BARCO DE VALDEORRAS
Teatro Lauro Olmo
Venres 21. Función escolar

Decembro

RIANXO. Auditorio Municipal
Mércores 3. Función escolar

A ESTRADA. Teatro Principal
Venres 5. Función escolar
Sábado 6



Santiago de Compostela

Decembro

Salón Teatro, do 9 ao 30 de decembro

Funcións familiares: ás 18.00 h

Sábado 13, domingo 14, luns 22, martes 23,
venres 26, sábado 27, domingo 28, luns 29
e martes 30

Funcións escolares: ás 11.00 h (agás o martes
9, o xoves 18 e o venres 19, que haberá dúas
funcións ás 10.00 e ás 12.00 h)

Martes 9, mércores 10, xoves 11, venres 12,
luns 15, martes 16, mércores 17, xoves 18 e
venres 19


Venda de entradas

As entradas para asistir ás funcións de *As laranxas máis laranxas de todas as laranxas* en Santiago de Compostela están á venda no despacho de billetes do Teatro Principal (de martes a sábado de 18.00 a 20.00 h) e no do Salón Teatro (desde dúas horas antes do comezo). Tamén poden adquirirse na billeteira electrónica a través do teléfono 902 43 44 43 ou da web <http://entradas.abanca.com>.

O prezo ÚNICO das localidades é de 5 euros (adultos) e de 3 euros (nenas e nenos).

A obra





As laranxas máis laranxas de todas as laranxas está considerada como unha das principais contribucións de Carlos Casares ao ámbito da literatura infantil e xuvenil, galardoada en 1973 co I Premio de Literatura Dramática para a Infancia e a Mocidade da Asociación Cultural 'O Facho'. Este foi, ademais, o texto escollido polo Centro Dramático Galego (CDG) para producir hai dez anos o seu primeiro espectáculo especialmente dirixido aos espectadores máis novos e co que acadou, así mesmo, un notable éxito de público.


Trátase dunha historia fantástica, que inaugura o teatro destas características na literatura infantil galega. Non en van afirmaba o seu autor que a peza era “un disparate continuo de movemento e fantasía”. Herdeira do *nonsense* e do surrealismo, provoca a risa e induce curiosidade e expectación, sentimentos que van pouco a pouco aumentando na medida en que se amorean os acontecementos. Enlázanse conversas absurdas, comportamentos estrafalarios, esaxeracións ao límite, personificación de animais ou animación de obxectos, sempre á beira do cotián, rozando a normalidade.

O director escénico, José Caldas, e o director musical, Bernardo Martínez, que xa foran en 2004 os responsables da montaxe deste texto para o CDG, deseñaron un espectáculo no que se integra o conto de Casares *A galiña azul*, así como textos doutras obras súas para compoñer as letras das cancións que interpretan en directo os seis actores que conforman o elenco.

A única obra dramática de Casares foi estreada polo grupo teatral O Facho na clausura da I Mostra de Teatro Galego que se realizou en Ribadavia o 27 de maio de 1973. Tamén se presentou na Coruña, a cargo do mesmo grupo, os días 2 e 9 de xuño, e o 6 de agosto, en A Rúa (Ourense), a cargo do grupo Os Cícurros. Pero ademais das veces nas que foi escenificada por grupos profesionais, foron tamén moitas as representacións levadas a cabo por nenos e nenas de centros de ensino, ao tratarse dunha peza referencial do teatro infantil galego.

A primeira edición de *As laranxas máis laranxas de todas as laranxas* foi publicada pola editorial Galaxia en Nadal de 1973, con ilustracións realizadas por Luís Seoane, un dos grandes renovadores da plástica galega.





Sinopse

As laranxas máis laranxas de todas as laranxas é unha peza de teatro para nenos, para ser representada por xente maior, no decir do autor da obra.


É unha fantasía, un disparate, onde todo adquire unha dimensión desmesurada, cunha acción constante, na que o colorido xoga un papel fundamental.

Escrita nun único acto, a historia desenvólvese por completo na horta dunha casa de planta baixa, cuxos amos son Elías e Anxa. Na horta, hai un pozo, un galiñeiro coa galiña Petra que ri cada vez que pon un ovo, e un limoeiro do que, de súpeto, nacen cinco laranxas xigantes e moi estrañas, “as laranxas máis grandes do mundo”.

Unha delas estoura cando o amo da casa a toca. Co estrondo do estoupido acoden para ver o que acontece os veciños: o veciño da Escopeta, o Gordo ou Toneladitas, a veciña Sabida e a Desdentada, que fican abraiaados diante das laranxas máis laranxas de todas as laranxas.

A partir de entón comezan a ocorrer anécdotas insólitas, ilóxicas, mesmo disparatadas, absurdas, pero divertidas, nas que interveñen todos os personaxes e mais un ovo xigante e unha das laranxas, pois todos eles fan igual que as persoas.

Hai un zapato que voa, e tamén a escopeta, e salvarase o pobre Toneladitas? Baterán o ovo a xeito? E, sobre todo, estouparán ou non as laranxas?



Autor

Carlos

CASARES

Figura clave da cultura galega contemporánea, **Carlos Casares** naceu en Ourense en 1941, pero aos catro anos marchou para Xinzo de Limia, territorio que deixou nel unha fonda pegada. Estudou Filosofía e Letras na Universidade de Santiago de Compostela. Foi xornalista, catedrático de Literatura Española, director da Editorial Galaxia e da revista Grial, presidente do Consello da Cultura Galega e presidente de honor de ACNUR Galicia.


Cultivou a narrativa, o ensaio, o teatro e os artigos xornalísticos, e obtivo varios premios, entre eles o Premio da Crítica Española en 1975 e o Premio da Crítica Galega en 1982.

Como escritor, deuse a coñecer no ano 1967 cun libro de relatos, *Vento ferido*, moitas veces reeditado. Desde entón, publicou numerosos libros, especialmente novelas e contos, pero tamén obras de ensaio e investigación. Para nenos, ademais de traducir *Le petit prince* ao galego co título de *O principiño*, escribiu *A galiña azul* (1968), *As laranxas máis laranxas de todas as laranxas* (1973), *O can Rín e o lobo Crispín* (1983), *Lola anda en bicicleta* (1997), *Un polbo xigante* (2000) e a serie que ten ao neno Toribio como protagonista, entre outras obras.

Da súa ampla produción bibliográfica destacan as novelas *Cambio en tres*, *Xoguetes para un tempo prohibido*, *Ilustrísima*, *Os mortos daquel verán*, *Deus sentado nun sillón azul* e *Os escuros soños de Clío*.

Unha parte da súa actividade xornalística, a que exerceu a diario en *La Voz de Galicia*, foi recollida no volume *Na marxe de cada día*.

Carlos Casares finou en Vigo en 2002. A súa última creación literaria, *O sol do verán*, publicouse como obra póstuma.



Director escénico

José
CALDAS

Aínda que a súa traxectoria escénica comeza en Brasil en 1968, desde 1974 vén desenvolvendo a meirande parte das súas iniciativas profesionais en Portugal, onde fundou a cooperativa OTC (Oficina de Teatro e Comunicación), a cooperativa Sete Ofícios e a Companhia de Teatro Quinta Parede.


Nestes máis de 45 anos de carreira, é o autor das versións e o responsable da posta en escena de numerosos espectáculos entre os que destacan os últimos: *O medo azul*, (Quinta Parede e Teatro Nacional Dona Maria II), *O menino azul*, *Quem come a minha casinha?*, *Viagem Ligacões amorosas*, *O escaravelho contador* (Companhia de Teatro de Braga), *Brincadeiras líricas*, *As lenheiras de cuca macuca*, *Os músicos de Bremen*, *Il Colombre*, *As Intermittências da Morte* e, recentemente, *Falar verdade a mentir* (estas últimas para Quinta Parede).

José Caldas foi recoñecido con diversos galardóns, entre os que salientan o Premio da Asociación Portuguesa de Críticos Teatrais ao mellor espectáculo teatral nos anos 1979, 1981 e 1984, e o Premio 10 anos do 25 de abril polo conxunto da súa obra, concedido pola mesma asociación en 1985. En Francia foi distinguido co Premio á Mellor Interpretación da Biennale Théâtre Jeunes Publics Lyon'93.

Ten realizado distintos traballos en televisión e impartido varios cursos de animación teatral para o Ministerio de Educación portugués, a Fundación Gulbenkian e a Cámara Municipal de Porto, entre outras institucións, moitos deles relacionados co teatro infantil. Neste ámbito, crea o colectivo PROMETHEA (Rede Europea de Reflexión sobre o Teatro para a Infancia e a Xuventude) e é designado delegado de Portugal no executivo da ASSITEJ (Associação Internacional de Teatro para a Infância e Juventude), participando tamén en multitude de festivais internacionais.

Ademais de escribir crítica teatral en *O Jornal de Lisboa* e no *Jornal de Notícias* de Oporto, é autor de publicacións como *Théâtre pour l'enfance et la jeunesse au Portugal*, *O instante plural*, *20 anos de teatro e miscigenação* ou *Teatro na escola-A nostalgia do inefável*.

Profesor na Academia Contemporânea do Espectáculo de Porto, José Caldas ten participado en distintas actividades artístico-pedagóxicas e organiza coa Facultade de Psicoloxía e Ciencias da Educación o I Encontro Europeo de Teatro/Escola.



Director musical e compositor

Bernardo
MARTÍNEZ

Estudou solfeo, percusión e música electroacústica con Ramón Codina no Conservatorio da Coruña, saxo e harmonía na Aula Taller da Coruña e asistiu a varios cursos na Escola Estudio de Santiago de Compostela para diferentes instrumentos. Tamén participou nos Encontros e Seminarios Internacionais do Colectivo Música Libre de Madrid que se basean na improvisación e interpretación colectiva dos músicos integrantes.

Ademais de tocar nalgúns orquestras en Galicia, formou parte de grupos de folk como Leilía e Doa, do que é integrante fundador, e colaborou con cantantes do talle de Quintas Canella, Emilio Cao, Bibiano, Pablo Quintana, Xosé M. Eirís...

Participou sobre todo en grupos de jazz e novas músicas como Big Band Filloa Express, Clunia Sextet, Cuarteto de Saxofones Filloa, Grus-Grus, Quinteto de Cova Villegas, Jazzanga Clan, Orquestra de música espontánea Omega...

Colabora con numerosos cantantes e compañías teatrais, pon música a curtametraxes e películas, participa en actuacións que integran cine, poesía, teatro-danza con música en directo e compuxo a música ambiental do Museo Arqueolóxico de Ortegá.

Actualmente é membro do trío Ouriol de música espontánea e poesía, con Eva Veiga e Fito Ares.

Toca diferentes instrumentos de vento ademais doutros de percusión (congas, batería, étnicos), a guitarra, a mandolina, o baixo e os sintetizadores e informática musical.




Alba
Blanco Boán

Veciña Sabida

Alberte Cabarcos

Elías





Director escénico e actor de teatro, cine e televisión, Alberte Cabarcos posúe tamén unha ampla experiencia como profesor de teatro e presentador.

Como actor de teatro, interveu en diferentes espectáculos de compañías da escena afeccionada e universitaria galega, como o grupo Teatralía con *Macbeth*; Hac Luce con *Noite de Reis* ou Compañía CasaHamlet con *Orestíada*. Para MdB producciones puxo en escena a obra *Kavafis*, baixo a dirección escénica de Manolo de Benito, e para Teatrapalla fixo o propio con *Viva Peter Pan*, de Xesús Pisón e dirixida por Paulo Serantes.

Para o CDG interpretou varias personaxes na obra *Salomé* (2010), de Oscar Wilde, ás ordes de Carlos Santiago, e colaborou tamén nas montaxes *O Emigrante* (2009, dir. Estela Freire), *Imaginarte* (2009, dir. Xoán C. Laxe), ambas as dúas para Abracadabra Producciones, no espectáculo de rúa de Palimoco Teatro *Letra Viva* (2008, dir. Paloma Lugilde) e *A Mandrágora*, de Maquiavelo, (2008, dir. Antón Sampaio), para Achádego Teatro.

A súa actividade teatral esténdese igualmente á dirección escénica poñendo sobre as táboas as pezas *Soños* e *Opiniós*, sendas creacións colectivas para NostrumCai Teatro; *Guerinika, un grito*, 1937, de Ignacio Amestoy, para o grupo Séneca;

Versuches, de Bertolt Brecht para Teatro SenFin; *Tatuaxes*, de Xesús Pisón, para a Compañía de Teatro Santart; *Unha dúbida razoable*, de Sidney Lumet, e *O círculo de Xiz*, de Bertolt Brecht, para a Aula de Teatro da USC-Lugo.

Canto ao sector audiovisual, destaca o seu papel no documental *Cariño, o percebeiro que liberou París*, onde interpreta un soldado galego na II Guerra Mundial, o seu papel como ionqui na longametraxe *Heroína*, de Gerardo Herrero, ou o de emigrante retornado en *Pastoriza, o mar verde*.

Entre outras actividades, foi profesor titular de movemento e interpretación na escola Santart de Santiago de Compostela, monitor do programa da Xunta de Galicia "En clave de teatro", director das aulas de teatro dos centros penitenciarios de Bonxe e Monterroso, presentador de varias galas e concertos e director da Aula de Teatro da Universidade de Santiago de Compostela, Campus de Lugo.

Davide
González
Lorenzo

Veciño Gordo



Licenciado en Interpretación Xestual pola Esad de Galicia, ten ademais o grao profesional en Saxofón polo Conservatorio de Música Profesional Víctor Ureña de Redondela.

Como actor de teatro puxo en escena para a ESAD a montaxe de teatro físico *Momo*, baseada na novela de Michael Ende e dirixida por Alfonso Rivera, así como a obra de William Shakespeare *A tempestade*, baixo a dirección de Daniel Salgado, e na que foi responsable da composición musical.

Participou tamén no espectáculo teatral de Sons d'Aldea 2012 (en Santiago de Albá, no concello lucense de Palas de Reis) e no da Arribada de Baiona 2011, baixo a dirección de Mónica Sueiro.

Figurou na representación da ópera de Rossini *O Barbeiro de Sevilla*, interpretada pola Real Filharmonía de Galicia dirixida por Antoni Ros Marbá con dirección escénica de Curro Carreres. Protagonizou a curtametraxe *En Conserva* e, asemade, formou parte do elenco interpretativo da webserie *Interfecto*, un proxecto da Universidade de Vigo.

Como músico, foi saxofonista solista na Orquestra Bohemia (2006-2010), de Monforte de Lemos, e mais na de Saxos, do Conservatorio Profesional de Música de Redondela (2003-2012), coa que gravou o disco *En Saxsimón* (2012), tocando como solista en tres dos temas do CD. Foi profesor deste instrumento no conservatorio infantil da Fundación Mayeysis durante o curso escolar 2013.

Na actualidade, é contacontos e músico nas sesións de contos da compañía Migallas Teatro con Beatriz Campos, e músico colaborador do espectáculo de sala Triatrerros Grupo de Teatro.

Ailén

Veciña Desdentada

Kendelmar





Fran
Lareu
Veciño da Escopeta



Fran Lareu é titulado superior en Arte Dramática pola ESAD de Galicia. Despois de pasar pola escola Espazo Aberto de Santiago de Compostela, comeza a súa relación profesional co mundo do espectáculo da man da Asociación Teatro Secundario (coa que puxo en escena as montaxes *O príncipe de Velasvir*, *Radioquia* e *Histerias da historia*), Viravolta Títeres (*A Torre do Trebón*, *Cabezudos*, *Unha de piratas*, *Titiriteiros*, *A caixa de música*, *O frautista de Hammelin*, *Os tres porquinhos* e *A casa do rato*) e Seisdedos (*O cego dos monifates*, *Dueto de fío*, *Varietés* e *Hansel e Gretel*).

Seguirase formando no mundo das artes con mestres como Joseph Collard (*clown*), Nuria Montero ou Ángel Almazán (voz), ademais de obter unha bolsa da Unión Europea para a realización dun curso de teatro e circo na República Checa. Continúa a súa carreira profesional coas compañías Teatro da Gavela (*O Conde Alarcos* e *A lenda do Conde Santo*), Zancalino Produus (*Zuco, zaca e zico*), Fantoques Baj (*Zampón, o lambón*), Navia de Espectáculos (*Lela anda en bicicleta*), Nasdrovia Producciones (*A patrulla Tola*), Boneca Lareta (*A familia Nolfini*), e Elefante Elegante (*O forno*).

Recentemente, puidemos velo sobre os escenarios protagonizando *O home almofada*, de Martín McDonagh, obra debut da compañía Il Maquinario Teatro (un grupo formado basicamente por antigos alumnos da ESAD de Galicia) e pola que foi nomeado ao mellor actor protagonista nos Premios María Casares 2014.

Formouse no Conservatorio Profesional de Lalín como trompetista e traballou en diferentes cargos de dirección e produción en series de televisión e cine, entre os que destaca a súa función de axudante de dirección en *La piel que habito*, de Pedro Almodóvar.

Laura

Villaverde

Anxa





Actriz e creadora escénica e cinematográfica, Laura Villaverde é licenciada en Arte Dramática pola ESAD de Galicia. Amplía o seu proceso formativo no terreo da interpretación en Nova York (2010-2012) da man de Anne Bogart, Will Bond, Ellen Lauren, Akiko Aizawa, Kelly Maurer, Gim-Murray, Leon Ingulsrud, e membros da Compañía SITI; ademais de afondar en técnicas corporais e na danza con The Bill T. Jones/Arnie Zane Dance Company, Temple Theatre, Ana Serna, Jordi Cortés, Lauren Atanes, Julio Castronuevo ou José Piris, entre outros. Consigue tamén unha bolsa de estudos para formar parte do “Summer Theater Workshop”, un programa de adestramento internacional da universidade Skidmore College.

Comeza a súa traxectoria en varios espectáculos do Grupo de Teatro A Segorella, entre os que destaca *Arsénico por Compasión*, de Frank Capra (2005). Desenvolve o proxecto de creación propia *Posesións* (2008) e escenifica na ESAD Galicia *Macbeth* (2010) e *La Historia de Ronald el Payaso de McDonalds* (2010).

Trasládase a Nova York e dá o salto internacional, interpretando a *performance Intermission* no The Kitchen Theatre e a produción *Cafe Variations*, no teatro New York Live Art, baixo a dirección de Anne Bogart para a SITI Company. Asemade, crea e interpreta o espectáculo *Uvas de collón de ghalo* co que xira por Nova York, Colombia e Puerto Rico.

A cabalo entre Galicia e a cidade que nunca durme, funda a súa propia compañía ArtesaCía, ao mesmo tempo que crea, xunto a Roi Fernández, Extramuros, un espazo multidisciplinar onde ten sede a súa compañía e no que desenvolve a súa faceta de docente impartindo sesións regulares de adestramento Suzuki, Viewpoints e Composición.

No apartado audiovisual, ademais de figurar en distintas curtametraxes dirixidas por directores internacionais, destaca a súa contratación como actriz para as prácticas do Máster de Dirección Cinematográfica do City College of New York, con dirección de Chantal Akerman.

Multimedia

Blog

<http://www.aslaranxasmaislaranxasdetodasalaranxas.wordpress.com>

Dossier electrónico

http://www.centrodramatico.org/mediateca/documentacion/cdg/aslaranxasmaislaranxasdetodasalaranxas/dossier_prensa.pdf

Fotografías

© Miguel Fernández

http://www.centrodramatico.org/cdg/novas/prensa/galeria.php?od=obra73_aslaranxasmaislaranxasdetodasalaranxas

Caderno pedagógico

Autoras: Magdalena de Rojas, Cristina Novoa e Pilar Sampedro

http://www.centrodramatico.org/mediateca/documentacion/cdg/aslaranxasmaislaranxasdetodasalaranxas/guia_didactica.pdf

Máis información

<http://www.centrodramatico.org>

www.facebook.com/cdg.salonteatro

